

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019062	IES Rosais 2	Vigo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

## 1. Introducción

A seguinte programación didáctica está elaborada para a materia de economía, no curso de primeiro de bacharelato e para o curso escolar 2023-2024.

A materia proporciólle ao alumnado coñecementos económicos para entender a sociedade na que vive, trata de espertar o seu interese e promover, tras unha análise crítica, iniciativas dirixidas a actuar sobre a propia realidade. Así mesmo, pon a súa disposición ferramentas que lle permitan tomar decisións tanto individuais como colectivas, con repercusións económicas e financeiras de maneira razoada e responsable. A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado no cal se están levando a cabo profundas transformacións, aceleradas pola incorporación das novas tecnoloxías a diferentes esferas da nosa vida. A dixitalización está a cambiar non só a estrutura produtiva global e a estrutura económica e financeira, senón tamén a propia sociedade no seu conxunto. Canto mellor entendamos o mundo no que vivimos, máis capaces seremos de tomar decisións que permitan mellorar a nosa vida e a nosa contorna. Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. Os indicadores económicos como o PIB, o desemprego, a inflación ou o déficit público están continuamente presentes nos medios de comunicación, e isto xera unha crecente demanda de información e formación na medida que nos afecta para tomar decisións nas que no sentimos implicados. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita a análise e afondamento nas relacións humanas e proporciona ferramentas para examinar con espírito crítico a realidade social. Os retos e desafíos que se presentan no mundo actual fan necesaria a interconexión de distintos ámbitos, entre outros, o económico, social, cultural e ambiental. É preciso coñecer e tomar conciencia de como as nosas decisións e formas de vida afectan ao clima, aos recursos dispoñibles, á biodiversidade e á propia sociedade. Esta reflexión está presente en todos os países do mundo e deu como froito o compromiso que supoñen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) como intento para enfrontarse conxuntamente aos principais desafíos de cara ao futuro. O currículo, que aborda aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, está organizado ao redor da adquisición duns obxectivos que desenvolven diversos aspectos: Tratan de explicar como a escaseza condiciona os comportamentos económicos individuais e colectivos, propoñen analizar a realidade utilizando ferramentas que permitan estudar a economía desde unha perspectiva micro e macroeconómica e, por último, proporciona ferramentas de intervención económica, como as políticas económicas, e expoñen os retos da economía actual para os que hai que buscar novas solucións. Os criterios de avaliación que se derivan dos mencionados obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución dos mesmos por parte de alumnado. Os criterios de avaliación e o contidos están estruturados en cinco bloques: 1º. O bloque "As decisións económicas" relaciónase co estudo do comportamento económico, individual ou colectivo, das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades a partir de recursos escasos e, polo tanto, da toma de decisións económicas a partir da análise da realidade. 2º. O bloque "A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión microeconómica" vincúlase co coñecemento e uso de ferramentas que permitan que o alumnado entenda a realidade económica desde unha perspectiva microeconómica. 3º. O bloque "A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión macroeconómica" permítenos profundar no estudo das relacións humanas e a realidade económica desde un punto de vista macroeconómico. 4º. O bloque "As políticas económicas" está ligado aos instrumentos cos que contan os gobernos para dar resposta aos problemas económicos nun marco globalizado. 5º. O bloque "Os retos da economía española nun contexto globalizado" céntrase nos retos da economía actual e en identificar as fortalezas e debilidades da economía española. O estudo da realidade económica, tendo presente a súa interconexión con outras disciplinas, permitirá ao alumnado adquirir unha cultura económica xeral para tomar decisións fundamentadas e participar dunha forma activa no desenvolvemento dos retos da economía actual.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	ECONOMÍA A CIENCIA DAS DECISIÓNS	¿Qué é a economía? Elexir é renunciar Decisores, decisións e recursos. Estudo da economía. Economía conductual.	6	8	X		
2	CRECEMENTO E ORGANIZACIÓN	Posibilidades da produción. Crecemento económico. Sistemas económicos. Economía circular	6	10	X		
3	A PRODUCCIÓN	Función de produción, custos ingresos e beneficios. obxectivos das empresas. Responsabilidade social Corporativa. Sectores económicos.	7	10	X		
4	MERCADO	Mercado e demanda. Oferta. Equilibrio. Elasticidade prezo. Economía colaborativa.	6	10	X		
5	TIPOS DE MERCADO	Mercado e competencia. Mercado e competencia perfecta. Competencia monopolística. Oligopolio. Monopolio	5	10	X		
6	MERCADO DE TRABALLO	Mercado de traballo, produtividade e salarios, desemprego, estadísticas de emprego, políticas de emprego, evolución do mercado laboral	8	10		X	
7	PAPEL DO ESTADO	Políticas macroeconómicas. Perspectiva macroeconómica. Fallos de mercado	9	12		X	
8	INDICADORES E EQUILIBRIO MACROECONÓMICO	Crecemento e produción. Economía no seu conxunto. Consumo, Investimento. Aforro. Economía sumerxida	8	12		X	
9	AS CONTAS DO ESTADO	Política fiscal. Orzamentos Xerais do Estado. Sostibilidade das pensións	8	10		X	
10	DIÑEIRO E POLÍTICA MONETARIA	Diñeiro, prezos e inflación, indicadores da inflación. Política monetaria. BCE OBXECTIVOS E TAREFAS. Política monetaria en acción	8	10		X	
11	SISTEMA FINANCEIRO	Sistema financeiro. Intermediarios financeiros bancarios. Produtos financeiros. Mercados e bolsas de valores.	8	10			X
12	COMERCIO INTERNACIONAL	LIBRE COMERCIO. Proteccionismo. Balanza de pagamentos. Mercado de divisas	5	10			X
13	UNIÓN EUROPEA E GLOBALIZACIÓN	Cooperación económica internacional. Integración económica. Unión Europea. Globalización	8	10			X
14	DESEQUILIBRIOS DA ECONOMÍA MUNDIAL	Consecuencias do crecemento. Crecemento e desenvolvemento. Subdesenvolvemento. Emigración. Economía e medioambiente. Desenvolvemento sostible.	8	8			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	ECONOMÍA A CIENCIA DAS DECISIÓNS	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Recoñece o problema económico básico: recursos escasos e necesidades ilimitadas. Identifica o custo de oportunidade	PE	100
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os diferentes métodos para a análise da realidade económica. Identifica na economía condutual as desviacións da racionalidade económica		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os contidos asociados á unidade na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado e debate sobre as posibles solucións aos retos que se expoñan		
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Interpreta modelos simples da realidade económica		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Distingue entre economía positiva e normativa		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas.</li> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.</li> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	CRECEMENTO E ORGANIZACIÓN	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica os sistemas económicos no ámbito nacional e internacional	PE	100
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe a asignación de recursos nos diferentes sistemas económicos		
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Sintetiza as vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos.		
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Identifica os fallos do mercado e as solucións propostas polos diferentes sistemas económicos.		
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes económicos no fluxo circular da renda.		
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Representa o fluxo circular da renda e explica os efectos das decisións dos axentes económicos		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Explora a resposta dos sistemas económicos actuais á asignación de recursos.		
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes no desenvolvemento económico e benestar social.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza o papel do Estado nos distintos sistemas económicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación.</li> <li>- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.</li> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A PRODUCCIÓN	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os obxectivos da empresa. Identifica os elementos que participan na análise custo-beneficio.		
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Identifica as estratexias de responsabilidade social corporativa de diferentes empresa da contorna	PE	100
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe o papel da empresa no esquema do fluxo circular da renda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.</li> </ul>



<b>Contidos</b>	
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	MERCADO	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Define as variables que afectan á oferta e á demanda. Calcula e interpreta o equilibrio no mercado. Calcula e interpreta a elasticidade da oferta e da demanda.	PE	100
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Valora na práctica o papel do mercado na asignación de recursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.</li> <li>- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.</li> <li>- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	TIPOS DE MERCADO	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Analiza o proceso de toma de decisións nos mercados de competencia imperfecta e aplica a teoría de xogos.	PE	100
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Identifica mercados de competencia imperfecta e valora os fallos no seu funcionamento		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Diferencia os tipos de mercado.		
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Analiza criticamente os efectos da existencia de mercados de competencia imperfecta		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos.</li> <li>- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.</li> <li>- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	MERCADO DE TRABALLO	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Identifica as características do mercado laboral e interpreta os principais datos. Diferencia os tipos de desemprego. Identifica as políticas de emprego.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza a evolución do mercado laboral. Valora políticas de emprego aplicadas ou a aplicar	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial.

UD	Título da UD	Duración
7	PAPEL DO ESTADO	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Valora a necesidade de intervención do Estado como resposta aos fallos de mercado.	PE	100
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica os fallos do mercado. Define política macroeconómica e identifica os diferentes tipos como solución aos fallos do mercado.		
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Define estado do benestar e identifica diferentes modelos.		
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica as fontes de financiamento do estado do benestar.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Recoñece e valora, na práctica, os instrumentos e limitacións dos diferentes modelos de estado do benestar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> <li>- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.</li> <li>- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	INDICADORES E EQUILIBRIO MACROECONÓMICO	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe o equilibrio macroeconómico	PE	100
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Calcula e interpreta o crecemento económico. Diferencia entre crecemento económico e desenvolvemento.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Calcula e interpreta as macromagnitudes empregando o fluxo circular da renda. Identifica as limitacións das macromagnitudes.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Emprega os indicadores macroeconómicos na comparación da situación dos diferentes países e analiza as políticas económicas aplicadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.</li> <li>- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	AS CONTAS DO ESTADO	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica as distintas políticas fiscais. Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do Estado na economía e políticas fiscais aplicadas.	PE	75
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Identifica as fontes de financiamento do déficit público		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica os compoñentes dos orzamentos xerais do Estado. Identifica as razóns da existencia da economía mergullada e o seu impacto no estado do benestar.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Analiza o estado do benestar como solución ás necesidades individuais e colectivas.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	DIÑEIRO E POLÍTICA MONETARIA	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Explica o papel do diñeiro. Identifica os intermediarios financeiros e os produtos obxecto de intercambio.		
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Elabora un plan financeiro persoal. Valora a importancia de planificar as finanzas das economías domésticas.	PE	100
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Identifica os efectos da era dixital no sistema financeiro: novos medios de pagamento, ciberseguridade...		
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Elabora un plan financeiro persoal nun contexto de transformación dixital. Valora a importancia de seguir as recomendacións de ciberseguridade na práctica.		
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais nun contexto dixital.		
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	10		
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	10		
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	10		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros.</li> <li>- O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.</li> <li>- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	SISTEMA FINANCEIRO	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais.	PE	100
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Identifica os efectos da era dixital no sistema financeiro: novos medios de pagamento, ciberseguridade...		
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais nun contexto dixital.		
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Recoñece causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria.		
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Recoñece causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros.</li> <li>- O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.</li> <li>- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.</li> </ul>

### Contidos

- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD	Título da UD	Duración
12	COMERCIO INTERNACIONAL	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza a repercusión das decisións económicas e valor os procesos de integración económica.	PE	75
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora argumentos a favor e en contra do libre comercio e o proteccionismo. Define os diferentes niveis de integración económica. Coñece o funcionamento do comercio internacional.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.

- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria.

- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.



UD	Título da UD	Duración
13	UNIÓN EUROPEA E GLOBALIZACIÓN	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora argumentos a favor e en contra do libre comercio e o proteccionismo. Define os diferentes niveis de integración económica. Coñece o funcionamento do comercio internacional.	PE	100
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Identifica os factores explicativos da globalización, oportunidades e riscos.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Identifica as externalidades do fluxo circular da renda. Coñece os indicadores de desenvolvemento e relacións co benestar e calidade de vida.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os principios básicos da teoría do decrecemento económico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria.</li> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> <li>- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
14	DESEQUILIBRIOS DA ECONOMÍA MUNDIAL	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Describe os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible como resposta aos retos económicos actuais. Coñece e valora a estratexia española de desenvolvemento sostible 2030.	PE	90
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Analiza de forma práctica as respostas dos procesos de integración económica aos retos actuais.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial.		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo.		
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Identifica as causas da pobreza e propón solucións. Valora as implicacións socioeconómicas dos fluxos migratorios.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Identifica actuacións a desenvolver polos axentes económicos na procura do ODS.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Analiza os indicadores de desenvolvemento de diferentes países		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Identifica as externalidades do fluxo circular da renda. Coñece os indicadores de desenvolvemento e relacións co benestar e calidade de vida		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Valora diversas medidas que poidan contribuir á sostibilidade do estado do benestar. Comprende os factores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os principios básicos da teoría do decrecemento económico.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.</li> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> <li>- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.</li> <li>- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.</li> <li>- Teorías sobre o decrecemento económico.</li> <li>- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Pódese definir a metodoloxía coma o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos fixados. Os principios metodolóxicos que se fixan no decreto 86/2015 fan referencia a unha metodoloxía activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado. As orientacións metodolóxicas reflectidas na orde ECD 65/2015, indican que a metodoloxía deben enfocarse cara a realización de tarefas ou situacións *í* problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Outro dos elementos chave é espertar e manter a motivación cara a aprendizaxe no alumnado. Tendo en conta estas orientacións, defínense as seguintes estratexias metodolóxicas para usar durante este curso, que se intentarán sumar ás clases maxistras:

Uso de mapas conceptuais: O mapa conceptual é unha estratexia, método ou recurso para representar esquematicamente o coñecemento dunha disciplina ou o coñecemento dunha parte da mesma. A súa función principal é organizar e presentar visualmente o coñecemento tendo en conta os niveles de abstracción, é dicir, situando os coñecementos máis xerais e inclusivos na parte superior e os máis específicos e menos inclusivos na

parte inferior. Así os mapas conceptuais diferéncianse doutros recursos de representación gráfica pola súa capacidade de xerarquización, síntese e impacto visual. O seu uso permite promover a aprendizaxe significativa, no sentido de que facilita que o alumnado comprenda os coñecementos existentes e lles axude a relacionar os novos conceptos cos que xa posúen. Para converterse nunha ferramenta realmente útil, deberían ser revisados conxuntamente por docentes e alumnado, para así poder discutir os significados presentes neles. Deste xeito convértese en instrumentos eficaces para a exploración e negociación de significados, aínda que tamén poden ser unha ferramenta útil para a avaliación das aprendizaxes do alumnado.

**Chuvia de ideas:** A chuvia, ou tormenta de ideas é unha ferramenta útil para o xurdimento de ideas sobre un tema ou un problema determinado. O resultado desexable nunha sesión de chuvia de ideas, é que se creen un gran número de ideas ou solucións, sen ter en conta que sexan correctas ou incorrectas. Para que sexa isto posible é necesario establecer unhas claras normas de comportamento, ningunha idea é descartable, nin se poden someter a xuízo as ideas dos demais.

Cando o proceso de xeración de ideas remata, selecciónanse as máis destacadas e iniciase a discusión crítica, analizando o valor das achegas realizadas e a súa pertinencia en canto ao caso inicial. Pola súa estrutura, esta é unha estratexia nas introducións das unidades didácticas ou para presentar certo tema á aula.

**Técnica da aula invertida:** Estaría dentro das técnicas de aprendizaxe híbrido, que son as que fan uso das TIC. Aproveitando que o centro ten aula virtual pódense deixar colgados certos documentos (vídeos, presentacións, imaxes ou cuestionarios) para que o alumnado visualice na casa. Na aula trabállase sobre a resolución dalgún problema relacionado cos contidos facilitados a través da aula virtual.

**Ludificación:** A ludificación é unha técnica de aprendizaxe que traslada a mecánica dos xogos ao ámbito educativo e profesional coa fin de conseguir mellores resultados, xa sexa para absorber mellor algúns coñecementos, mellorar algunha habilidade, ou ben recompensar accións concretas, entre outros moitos obxectivos. Posúe un carácter lúdico, que facilita a interiorización de coñecementos dunha forma máis divertida, xerando una experiencia positiva no usuario. O modelo de xogo realmente funciona porque consegue motivar ao alumnado, desenvolvendo un maior compromiso das persoas, e incentivando o ánimo de superación. Utilízanse unha serie de técnicas mecánicas e dinámicas extrapoladas dos xogos. Aquí englobaríase o Kahoot, Quizz, unha plataforma gratuíta que permite a creación de cuestionarios de avaliación.

Estas estratexias metodolóxicas anteriormente definidas, desembocarían na seguinte tipoloxía de actividades, que seguirán habitualmente o esquema: inicial  $\dot{\iota}$  afondamento  $\dot{\iota}$  síntese  $\dot{\iota}$  avaliación. As actividades iniciais poden ser de avaliación inicial, de presentación de contidos ou de motivación. No centro da unidade está o afondamento, a través do traballo individual, da resolución de preguntas e problemas, ou de pequenos traballos en grupo de investigación. A continuación explicamos polo miúdo as distintas actividades, atendendo á súa tipoloxía.

**Actividades de diagnose inicial:** Actividades para realizar ao inicio de cada unidade didáctica, como introdución á temática que se vai traballar nas seguintes sesións. Como docentes son útiles para facer unha avaliación inicial. Unha estratexia metodolóxica que casa ben coas actividades de diagnose inicial son as chuvias de ideas, ou os modelos de clase invertida no que alumnado na aula virtual fai unha aproximación ao tema a través dalgún recurso (pode ser multimedia), que posteriormente pode ir da man dun cuestionario.

**Actividades de desenvolvemento:** A súa finalidade e o desenvolvemento dos contidos propostos. Aquí casaría o mapa conceptual, ou exercicios do libro de texto.

**Actividades de indagación:** Nestas actividades o docente toma un rol de facilitador, e é o alumnado quen por si mesmo traballa os contidos, individualmente ou en grupo. Pode ser indagación a partir dunha situación  $\dot{\iota}$  problema formulada, ou dunha noticia ou artigo de prensa.

**Actividades de síntese, consolidación:** Actividades que encaixan antes da finalización de cada unidade didáctica, para sintetizar os conceptos adquiridos. Unha das metodoloxías que encaixan con estas actividades é a de ludificación.

**Actividades de apoio ou de reforzo:** Actividades destinadas á atención da diversidade, en tanto ás distintas capacidades, ritmos de aprendizaxe, intereses. A partir da diagnose previa e da avaliación continua detéctanse esas necesidades.

**Actividades de ampliación:** Estas actividades, da mesma maneira que as actividades de reforzo, están destinadas para atender á diversidade, pero neste caso ao alumnado con altas capacidades e que mostre interese pola ampliación de contidos.

**Actividades de avaliación:** As actividades de avaliación teñen o obxectivo avaliar a consecución dos diferentes estándares de aprendizaxe. Aquí usaranse diversos instrumentos de avaliación, que poden ser probas escritas ou exposición dun traballo, entre outras.

**Actividades complementarias e extraescolares:** Para as actividades complementarias, que son as que teñen lugar en horario lectivo, seleccionárase a visita á aula de tres persoas por trimestre, en coordinación co departamento de Economía e coa vicedirección do centro, tales coma visitas á empresas da zona, zona franca, porto...

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumno é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e

cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo. No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os Principios e Orientacións pedagóxicas do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado. Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías. Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas. Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final. Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas. Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promover a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais. Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación. Diseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos. Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante. A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Diseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado. No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón: - Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos). - Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva. - Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais. - Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exerciciospropostos,

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pizarra, ordenador, canón, Internet...

Blogs, aula virtual, google classroom, murais, mapas conceptuais, esquemas, resumos, vídeos, etc. En relación a Internet a alumando deberá construír un glosario coa axuda de páxinas web coma economipedia. Tamén nos apoiaremos en artigos de xornais para facer comentarios de texto.

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, repositorio de contidos, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxería), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio ....). Plataformas de videoconferencia que permite ao docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo... Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico. Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais. O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Actividades de diagnose inicial: Actividades para realizar ao inicio de cada unidade didáctica, como introdución á temática que se vai traballar nas seguintes sesións. Coma docentes son útiles para facer unha avaliación inicial. Unha estratexia metodolóxica que casa ben coas actividades de diagnose inicial son as chuvias de ideas, ou os modelos de clase invertida no que alumnado na aula virtual fai unha aproximación ao tema a través dalgún recurso (pode ser multimedia), que posteriormente pode ir da man dun cuestionario.

O proceso de avaliación é o que nos vai permitir coñecer se o alumnado está conseguindo os obxectivos e adquirindo as competencias. A base do proceso de avaliación son os criterios de avaliación e as súas especificacións, os estándares de aprendizaxe, porque son os nosos referentes para saber se estamos a acadar os obxectivos e desenvolvendo as competencias. En cada unidade didáctica inclúese un cadro para as respectivas unidades, no que

se relacionan todos estes elementos do currículo.

Os instrumentos de avaliación serán variados, respectando a diversidade do alumnado. Entre os instrumentos de avaliación están as rúbricas para os traballos expositivos e os proxectos, nos que figuren indicadores de logro para cada unha das competencias que se teñen que avaliar, as probas escritas, o portfolio de actividades no que estarán recollidas aquelas actividades de desenvolvemento realizadas durante o curso, e a observación de aula.

A parte final do proceso de avaliación é a cualificación mediante unha nota numérica. En canto aos criterios de cualificación, cada estándar de aprendizaxe será avaliado con un ou varios instrumentos, e cada estándar terá un peso dentro da unidade didáctica, de maneira que todos os estándares sumen o cen por cen. A suma das notas numéricas dos estándares que compoñen unha unidade didáctica será a nota da unidade didáctica. Para calcular as notas de cada trimestre realizarase unha media aritmética entre as unidades que o compoñan.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	6	6	7	6	5	8	9	8	8	8
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	75	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	25	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	8	5	8	8	100
<b>Proba escrita</b>	100	75	100	90	96
<b>Táboa de indicadores</b>	0	25	0	10	4

### Criterios de cualificación:

Normalmente as probas escritas terán un peso dun 85%, deixando o 15% que resta para cualificar a través do traballo de clase, ben sexa con un portfolio (5%) de actividades ou co traballo de aula (10%). A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos. Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será: -Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5. -Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5. Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores. A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será: -Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5. -Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Copiar nos exames ou calquera outra irregularidade no desenvolvemento dos mesmos detectado pola profesora ou profesor, conlevará suspender dita avaliación, podéndose repetir exclusivamente nas probas finais de xuño ou na extraordinaria do curso.

### **Criterios de recuperación:**

O que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos. O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas. A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación. Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5. O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, (entre o 17 e o 20 de xuño) que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo establece a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Recuperación de partes non aprobadas

Procedemento destinado a: - Alumnado que cursa segundo curso e ten pendente a materia de Economía de primeiro. - Alumnado de cambio de modalidade que deba cursar a materia de primeiro. (Artigo 30. Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23). O alumnado que se matricule no curso académico 2023/2024 no segundo curso do bacharelato e teña materias pendentes de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperarlas durante o curso 2023/2024 co currículo da materia co novo currículo nas condicións que se determinen. (Disposición transitoria segunda. Resolución do 26 de maio de 2022). O departamento didáctico propón na aula virtual un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as actividades propostas na aula virtual e Probas Escritas (PE) que serán aplicadas en dous parciais. Primeira proba parcial. Versará sobre os contidos: Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica. Bloque 2. A actividade produtiva. Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos. Segunda proba parcial. Versará sobre os contidos: Bloque 4. A macroeconomía. Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía. Bloque 6. O contexto internacional da economía. Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía. A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos. Redondeo da cualificación da avaliación parcial: -Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5. - Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5. A cualificación da 3ª Avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións, sen redondear, das anteriores avaliacións parciais. Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación, aplicado o redondeo, de mínimo 5. No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta (aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación). A aula virtual xoga un papel fundamental na proposta, seguimento, avaliación e recuperación da materia. De ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo (presenciais e/ou telemáticas) para facilitar o progreso do alumnado. O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna. Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria Artigo 75. 1.- É competencia do xefe ou xefa de departamento: h) Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para os alumnos e alumnas libres, alumnos e alumnas de bacharelato ou ciclos formativos con materias ou módulos profesionais pendentes, así como as

probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudos. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.

No caso de que algunha persoa non supere satisfactoriamente dunha unidade didáctica esta prevista a realización dunha proba de recuperación ao final de cada trimestre, sobre as partes non superadas. Na aula virtual deixaránse actividades de reforzo, que servirán para preparar a proba escrita de recuperación. No caso de non aprobar esta recuperación haberá unha oportunidade de novo en Xuño, a onde deberá acudir coas 5 unidades didácticas do trimestre non superado. A sesión da terceira avaliación parcial de cada grupo coincidirá no tempo coa sesión de avaliación final do mesmo. En caso de non superar a avaliación en Xuño, a proba extraordinaria entre o 19 e o 21 de xuño de 2023 avaliarase cunha proba escrita. (Artigo 11.2 da Orde de 20 de maio de 2022).

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade foron en parte xa presentadas. Se contamos con actividades de reforzo ou de ampliación estamos atendendo á diversidade existente en canto aos ritmos de aprendizaxe. En canto aos instrumentos de avaliación, usando unha gama variada de instrumentos tamén estamos aceptando unha diversidade dentro do alumnado, xa que o normal é que diferentes persoas se sintan cómodas con un diferentes instrumentos. Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación). De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade: Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. - Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida. - Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles. - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos. - Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería. - Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas. - Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado. - Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes. O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar. O alumnado que presenta necesidades educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento. -Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais. -Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión. O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e



desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Outra peza importante da atención á diversidade son os agrupamentos, para os traballos de grupo será o propio docente o que realizará a composición de grupos, tentando que sexan equilibrados.

Outros posibles problemas, sempre tendo en conta que o bacharelato non é unha etapa obrigatoria de ensino, serán detectados en coordinación co departamento de orientación educativa e o docente titor, podendo en casos particulares de problemas persoais de diversa índole adaptar tempos en canto aos procedementos de avaliación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívica	X	X		X	X	X	X	
ET.2 - Igualdade						X	X	
ET.3 - Prevención de riscos laborais						X		
ET.4 - Medio ambiente			X					X
ET.5 - Xustiza				X	X		X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Educación cívica	X	X			X	X
ET.2 - Igualdade	X					
ET.3 - Prevención de riscos laborais				X	X	X
ET.4 - Medio ambiente	X		X	X		
ET.5 - Xustiza	X		X			

#### Observacións:

Os contidos transversais, segundo a LOMCE, son unha serie de valores que todas as materias teñen que tratar de desenvolver. Na relación de contidos transversais que se enumeran no artigo 4 do decreto 86/2015, están:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- As TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación).
- O espírito emprendedor e a iniciativa empresarial.
- Educación cívica e constitucional
- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A seguridade viaria.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Startups, obradoiro de empresas	Traballar a competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor		X	
Cívico tributaria	Charla dun técnico de facenda da importancia do pago dos impostos, o custo dos seus estudos, valoración dos servizos públicos	X		
Ong Intermón Oxfan ...	Pobreza e medio ambiente			X

### Observacións:

Para as actividades complementarias, que son as que teñen lugar en horario lectivo, seleccionárase a visita á aula de tres persoas por trimestre, en coordinación co departamento de Economía e coa vicedirección do centro, as propostas que se pasarán son as seguintes:

- Primeiro trimestre: En Vigo existe unha aceleradora de startups, sería interesante para traballar a competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, a visita dalgunha persoa desta oficina.
- Segundo trimestre: Aproveitando a festividade do 8 de marzo, debería contactarse coa Concellería de Igualdade do concello de Vigo, para dar un coloquio sobre as desigualdades laborais. En caso negativo, na facultade de económicas existe un grupo de investigación propio sobre estudos socioeconómicos da muller.
- Terceiro trimestre: Debido á que neste trimestre desenvólvense ás unidades didácticas de pobreza e de medio ambiente, contactarase coa tenda de comercio xusto de Intermón Oxfan en Vigo. En último caso, para a temática dos bens públicos, unha persoa responsable de algunha das comunidades de xestión de auga ou de montes do entorno do centro.

En canto ás actividades extraescolares, e sempre dentro da coordinación co departamento e coa vicedirección do centro, serán propostas as seguintes, esperando polo menos cumprir unha delas:

- No primeiro trimestre, cadrando co estudo das empresas coma axentes económicos, unha visita ao Parque Tecnolóxico e Loxístico da zona franca de Vigo.
- No segundo trimestre, coincidindo coa explicación do sistema financeiro, unha visita á sede de Abanca en Vigo.
- No terceiro trimestre, dentro da unidade didáctica de comercio internacional, unha visita ao porto de Vigo.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Metodoloxía empregada
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE

#### Descrición:

Como se dixo ao principio as programacións didácticas non son uns documentos estáticos senón que teñen certo dinamismo e necesitan de ser revisados, mellorados, e polo tanto avaliados. Tamén cómpre realizar unha avaliación da proceso de ensino e da práctica docente, tanto autoavaliación como tamén avaliación por parte do alumnado da práctica docente. O ideal sería facer un seguimento da programación didáctica unha vez rematados o primeiro e o segundo trimestre, e a avaliación e posterior modificación ao remate do curso, para comezar o novo curso cunha programación reiniciada.

As seguintes táboas usaranse para realizar a avaliación da programación e da práctica docente.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Farase un seguimento do alumnado para comprobar e controlar que segue conseguindo os mínimos esixibles. Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior. A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento. Nas reunión de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte. As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en: - Diario de aula. - Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos. - Estatísticas de resultados. - Cuestionarios e enquisa ao alumnado.

## **9. Outros apartados**